




PUNTA HERBOSA O CARRO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: desde punta Herbosa ao Carro 6,5 km (lineal)
Praia do Esteiro (aparcamento) a punta Herbosa 1,8 km
(ida e volta)

Praia do Esteiro ao Picón 1,7 km.

Picón ao camiño de baixada ao Carro 2,6 km.

Camiño do Carro ata a punta das Tres Mariás, e volta 2 km. (Esta é a parte máis difícil da ruta pola forte pendente, ademais debemos procurar facela coa marea baixa para poder achegarse mais facilmente ao punto do que poder gozar coa monumentalidade da formación rochosa).

Dificultade: baixa

Duración: 4-5 horas



Unha ruta para gozar dos contrastes e das formas
creadas pola之力 do mar, á vez que dunha
espectacular paisaxe da costa norte na ría de Ortigueira.



Punta Herbosa



O Esteiro



Cantís do Picón e Pena Furada.



Praia de Esteiro e Cabo Ortegal.

Opción 1: Na entrada do Barqueiro collemos a estrada que leva á praia do Esteiro. Alí deixamos o coche e botamos a andar cara á Punta Herbeira: primeiro seguimos a pista e logo polo carreiro, que beireando o cantil nos leva á punta, onde poderemos ver o traballo das ondas e o seu efecto nun sorprendente conxunto de pequenos illotes. Volvemos polo mesmo carreiro e seguindo a pasarela de madeira, que pasa ao pé do campo de fútbol, cruzamos o esteiro e o río. Desde ahí, e por estrada, imos ata o Picón. Unha vez alí collemos o camiño da praia, á que se pode baixar por unhas escaleiras de madeira, sen baixar a ela e beireando polos cantís, veremos abaixo a Pena Furada, os Coitelos e as praias do Castro e Fabega. Acadaremos máis adiante unha pista de terra pola que seguiremos ata atopar un desvío á dereita, indicado, que baixa, con bastante pendente, á Praia Furada, a punta do Carro e ao obxectivo final da nosa camiñada. A volta farémola polo mesmo sitio.

Opción 2: Desde Loiba coller a estrada do Picón e unha vez alí deixar o coche e facer o percorrido que leva ata o Carro, volver e achegarse co coche ao comezo da pasarela que permite cruzar o río do Esteiro, facer logo a pé o percorrido da praia do Esteiro e a subida á punta Herbosa.



Os Coitelos



O Carro



Puntís do Picón e Os Coitelos